



I Simposio Arte e Natureza

{ encontros co artista Fernando Casás no Pazo de Tor }

Os movementos culturais foron asimilados pola nosa sociedade e orientados aos fins que esta considera válidos. En que posición se atopa o artista e como se presentan os **movementos de Arte & Natureza** cando a ecoloxía pasa a ser a base do pensamento politicamente correcto? O esforzo de non ser absorbido polos intereses dominantes lévanos á **deslectura** como **busca da experiencia subxectiva e primixenia**, ao mesmo tempo que pode ser o vehículo para atopar a posibilidade dunha comunicación e intercambio distanciados do establecido. A idea da **existencia do paraíso** e da súa **perda definitiva**, e a busca da posibilidade remota dun sistema alternativo aínda sobrevive en escasos lugares do pensamento e da sociedade. **Desculturas** que nos abren á busca dun universo paralelo a través da natureza, das plantas e dos espazos cargados de poder.

Fernando Casás, Xullo 2013

PROGRAMA

PAZO DE TOR..... 27+28.Xullo.2013

Sábado_Día 27

10.30h :: Conferencia Inaugural

Arte e natureza: civilización e urxencia doutra realidade

por FERNANDO CASÁS

[considerado coma un dos iniciadores dos movementos de Arte e Natureza, vive e traballa entre España e Brasil. Dende finais dos anos 70, e no medio dun entorno tropical, comeza a fraguar unha obra de marcado carácter conceptual, moitas veces efémera e vinculada a evidenciar e reflexionar sobre a memoria e o paso do tempo na natureza. Desprazando a arte da súa posición convencional para colocala na natureza e recollendo anacos da natureza para introducila en museos, galerías e espazos urbanos, a súa obra funciona como metáfora epistemolóxica da quebra das fronteiras entre natureza e cultura]

#Visita ao Pazo de Tor e finca

#Comida no propio Pazo

16.30h :: Mesa Redonda

A angustia do paraíso perdido

Interveñen:

FERNANDO CASÁS (artista e profesor na Facultade de Belas Artes da UVIGO)

DAVID BARRO (crítico, comisario e director da revista de arte DARDO magazine)

LUCÍA LOREN (artista madrileña especializada en arte e territorio, con numerosas intervencións na natureza e rural en toda España)

RUTH MONTIEL (artista multidisciplinar especializada en intervencións na natureza)

#Visita á Ribeira Sacra



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL

Domingo_Día 28

11.00h :: Mesa redonda

Paraíso como natureza

Interveñen:

FERNANDO CASÁS (artista e profesor na Facultade de Belas Artes da UVIGO)

ALBERTO RUIZ DE SAMANIEGO (profesor de Estética e teoría das artes da UVIGO.

Crítico cultural e comisario de exposicións)

FEDERICO LÓPEZ SILVESTRE (profesor doutor de Historia das Ideas Estéticas Moderna e Contemporánea na USC e cunha importante tese dedicada á paisaxe)

CHUS MARTINEZ (crítica de arte e comisaria de exposicións independente)

#Presentación da Convocatoria aberta de proxectos de intervención Arte e Natureza no Pazo de Tor, enmarcada dentro de ENREDARTE.

Bases

http://www.museolugo.org/archivos/docs/2012_BASES%20Convocatoria%20%20proxectos%20de%20intervenci%C3%B3n%20Arte%20e%20Naturaleza%20no%20Pazo%20de%20Tor.pdf

Número de Prazas | 50

Destinatarios | Prioritariamente artistas, aínda que tamén se abre a historiadores da arte e outros axentes do sector.

Lugar | Rede Museística, Pazo de Tor.

Inscripcións | http://www.museolugo.org/l_Simposio_Arte_Natureza.asp

Coordinación | Encarna Lago